

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 17 DE MARZO DE 2014.**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 17 de marzo de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 21:05 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 24 DE FEBREIRO E 5 E 10 DE MARZO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizada os días de 24 de febreiro e 5 e 10 de marzo de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 13 DE MARZO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 23.474.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.654.- A Arturo Antepazo Costas, con enderezo en Cruceiro 4-A- Coiro, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.066.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JESUS IGLESIAS PIÑEIRO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 3 de marzo de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Jesús Iglesias Piñeiro, con enderezo en Limens 16 - Hio, para vivenda, sita en Limens - Hio, construída o abeiro da licenza municipal Nº 19.756.

EXPEDIENTE Nº 23.009.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR MARIA DOLORES PALMAS PASTORIZA.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 6 de marzo de 2014, acordou:

a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Maria Dolores Palmas Pastoriza, con enderezo en Avda. De Vigo 103 - 3o I - Cangas, para vivenda, sita en Trigás - Coiro, construída o abeiro da licenza municipal Nº 22.199.

b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística, relativa o expediente nº A-PO-2014/03Q, para instalación de quiosco de tempada en finca, en Areabrava - Hi©, promovida por Tamara Lemos Costas:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rústico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais. Calificación POL: zona costeira.

O emprazamento da edificación pretendida está afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e POL".

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística, relativa o expediente nº A-PO-2014/16Q, para instalación de quiosco de tempada en finca en Xerez-Espírito Santo, promovida por Roí Campos Fernandez:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rústico. Cualificación urbanística do solo.- SAUR4.

Calificación POL: zona de mellora ambiental e paisaxística e corredor ecolóxico.

O emprazamento da edificación pretendida está afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística, relativa o expediente nº A-P0-2014/15Q, para instalación de quiosco de tempada en finca, en San Xian - Pintens - Hio, promovida por Esther Miranda Vaqueiro:.

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rústico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas. Calificación POL: zona costeira.

O emprazamento da edificación pretendida está afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e POL".

EXPEDIENTE S/N.- A AUGAS DE GALICIA - ZONA SUR, con enderezo en San Salvador 2 - 4º planta 36204 Vigo, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude clave DH.36.42167, promovida por David Pastoriza Riveiro, para concesión de caudal procedente do río Bouzós en Romarigo - Coiro: "A solicitude de concesión de caudal é compatible coas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal".

2.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.926.- CORRECCION DE ERROS DE LICENZA DE SEGREGACION.- A Xunta de Goberno Local, acodou aprobar a seguinte proposta da Xefa do Servizo de Urbanismo:

"ANTECEDENTES

PRIMEIRO. - Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2014 acordouse conceder licenza para agrupación e posterior segregación a AMGECABE S.L segundo documentación que integra o expediente elaborada polo arquitecto Javier Rial Lemos en data 5 de febreiro de 2014 que procede agrupar as parcelas nº •216,219, 220,221,222,223, 224,225, 226,227, 228, 229,230, 231, 232, 233,235,252,253,254,379, 108,214,218,236,237,238,239,204,241,242,244,264 e 09005 e 09546 do parcelario do catastro de rústica de Cangas para segregación das mesmas unha porción de 254,65 m2 procedente das parcelas 213.223.222.221.220.219 e 218 do polígono 40. A parcela resultante será de 254,54 m2 que se destinará a infraestrutura e se agrupará ó trazado do Camiño do Meiral

Advertido un erro na transcripción do número das parcelas catastrais enumeradas, en virtude do establecido no artigo 105 da lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común procede a corrección do acordo adoptado debendo quedar redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Conceder a licenza para agrupación solicitada por AMGECABE S.L segundo documentación que integra o expediente elaborada polo arquitecto Javier Rial Lemos en data 5 de febreiro de 2014 das parcelas que se enumeran a continuación :

216,219,220,221,222,223,224,225,226,227,228,229,230,231,232,233,235,252,253,254 379 e parte das parcelas 108,214,218,236,237,238,239,240,241,242,244,251,264 e 09005 e 09546 do parcelario do catastro de rústica de Cangas.

SEGUNDO.- Segregar unha porción de 254,65 m2 procedente das parcelas identificadas catastralmente eos números 213.223.222.221.220.219 e 218 do polígono 40. A parcela segregada será de 254, 54 m2 , se destinará a infraestrutura e se agrupará ó trazado do Camiño do Meiral sendo propiedade do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ós interesados"

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.573.- A Tamara Juana Vázquez Fernandez, con enderezo en Castelao 20-22 baixo - 27001 Lugo, para ampliación de soto, en Castrillón - Coiro, aceptaselle o desestimento da solicitude, segundo escrito de 28 de febreiro de 2.014, de conformidade co disposto nos arts. 90 e 91 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE Nº 24.814 e 1.692.- A Oscar Nuñez Villar, con enderezo en Real 39 baixo A - Cangas, para no referido lugar, acondicionar interiormente un local para bocatería de 124,20 m², de conformidade co proxecto de setembro de 2.013.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Non se poderá comenazar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correpondente comprobación

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación

desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederáse á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.861.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. De Vigo 104 - Vigo, para en Santa Marta - Darbo, executar 22,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248313080156, de 12 de novembro de 2.013 e coas seguintes condicións: Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 1.518,37 euros para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Debreráse axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirteselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.895.- A Fernanda Márquez Entenza, con enderezo en Avda. De Marin 3 - Cangas, para no referido lugar, abrir dous ocios para escaparates, de conformidade coa documentación presentada.

Debe presentar a solicitude de legalización das obras de acondicionamento interior do local.

EXPEDIENTE Nº 24.916.- A Angel Acuña Rodríguez, con enderezo en Outeiro 23 - Balea - Darbo, para no referido lugar, proceder o cambio de material de cubricción en 103,90 m², de conformidade co estudio técnico e básico de xaneiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.917.- A José Maria Rodriguez Muñiz, con enderezo en Lisboa 12 - 6o C - Torrejón de Ardoz - Madrid, para en Camiño da Fonte 3 - Gandón - Aldan, construír un asador de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.921.- A Rosa Franco Paz, con enderezo en Camiño Coutivada 13 - Hio, para no referido lugar, proceder o cambio de tella en 149, 85 m², de conformidade co estudio técnico e básico de febreiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.922.- A Maria del Carmen Chapela Sotelo, con enderezo en Avda. Da Coruña 98 - Darbo, para no referido lugar, proceder a demolición parcial dre edificación ex-ísstente en 3,88 m², de conformidade co proxecto visado o 4 de febreiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.925.- A Ramón Piñeiro Mariño, con enderezo en Avda. De Ourense 7 8 - Cangas, para en camiño Vello de Rodeira 5 - Coiro, construír unha edificación adxetiva de 20,00 m², de conformidade coa documentación presentada.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Incidencias: na votación do expediente nº 1.586 abstívose o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 1.586.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR XARDINERIA MORRAZO S.L.-A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a centro de xardinería, en San Cibrán - Aldan, peticiónada por XARDINERIA MORRAZO S.L., con enderezo no referidio lugar, tendo en conta o informe efectuado polo Arquitecto Municipal de data 13 de decembro de 2013.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.632.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR MANUEL CORDEIRO DOMINGUEZ.-A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a bar, en Avda. da Coruña 76 - baixo - Darbo, peticiónada por Manuel Cordeiro Dominguez, con enderezo no referidio lugar,

tendo en conta o informe de comprobación efectuado pol Arquitecto Municipal de data 28 de febreiro de 2014.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 1.653 ausentouse o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 1.653.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR JOSEFA GRANA ALFAYA.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a perruqueria, en rúa Hio 13 - Cangas, peticiónada por Josefa Graña Alfaya, con enderezo no referdío lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación de data 5 de marzo de 2014.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.716.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR SONIA GONZALEZ GUTIERREZ

A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade de licenza de apertura de e stablecemento sito en Avda. De Bueu 3 - Cangas, adicado a comercio menor, que ata a data rexentaba ANA MARIANA C.B. e que a apartir desta data pasa a Sonia González Gutierrez, con enderezo en As Uchas 5 - Vilanova - Hio.

COMUNICACIONES PREVIAS

Nº 1.716.- MATE C.B., cambio titularidade bar-taperia en Eugenio Sequeiros 15 - baixo - Cangas.

Nº 1.717.- María Antonia Guillen Celada, cambio titularidade comercio calzado e complementos en Sol 16 - baixo - Cangas.

Nº 1.719.- Pilar Fernandez Iglesias, cambio titularidade de venda de tecnoloxía e informática en Pablo Iglesias 8 - Cangas.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

3.A) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.3.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Dona Silveria G, P. con expediente 36008/01/001493-VI0000043342, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia, e de acordo aos seguintes detalles:*

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal*
- * Atencións de carácter psicosocial*
- * Atencións carácter doméstico*

Custo do servizo total: 862,40€ (12'32 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 18,35% ; 145,49 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de inicio no SAF: 18 de marzo de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

3.B) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.3.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante é tralo informe social e proxecto de Intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propoñonselle á Xunta de Goberno Local, a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Don José Coya Costas co nº de expediente VI/000043187 e co DNI nº 76 830 132 N, o Servizo de Axuda a Domicilio, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF, a través do sistema de atención á dependencia e de acordo ós seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal*

**Atencións de carácter doméstico*

Custo do servizo: 862,68

Achega económica da persoa usuaria: 195,95 euros/mes

Número de horas:70 horas ao mes

Data prevista de alta no SAF: 18 de marzo de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

3.C) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.3.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude de documentación presentada pola persoa solicitante eé tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Dona Angela D. F. con expediente/6833671D-VI0000032904 o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:*

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal*
- * Atencións ce carácter psicosocial*
- * Atencións de carácter doméstico*

Custo do servizo total: 492,80€ (12'32€/hora)

Achega económica da persoa usuaria: 18,03% ; 75,88 €/mes

Número de horas: 40 horas

Data prevista de inicio no SAF: 19 de marzo de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2014

Dase conta de proposta da concelleira de Servizos Sociais do día 14.3.14, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2014, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2014

O Diario Oficial de Galicia nº 63 de data do 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, a transferencia finalista para o conxunto dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2014, regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, é de 439 771,60 € co seguinte detalle:

- Persoal: 127 426,00 €
- Mantemento: 600,00 €
- Axuda no fogar: modalidade de prestación básica plan concertado: 20 .000,00 €
- Axuda no fogar: modalidade persoas valoradas como dependentes: 198 345,60 €
- Xestión de programas: 93 400,00 €
- Investimento: 0,00 €

A aportación do Concello de Cangas será de TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS VINTE E OITO EUROS CON VINTE OITO CÉNTIMOS (349 528,28 €), o que supón unha porcentaxe do 44,28 % sobre o orzamento total do proxecto.

Segundo.- Facer constar que o Concello de Cangas para o exercicio 2014 ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.

Terceiro.- Declarar que para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria, non recibe ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Quinto.- Dar conta deste acordo no primeiro Pleno da Corporación Municipal que se realice.

Sexto.- Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, xunto coa documentación que menciona a orde de convocatoria.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A "NINGURES PRODUCCIÓN, S.L."

Incidencias: na votación deste punto da orde do día abstívose o concelleiro, Sr. Faro Lagoa.

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA.

Visto que con data 29.11.2013 foron aprobados os Orzamentos nos que se consignaba a aplicación orzamentaria 335.48 cun importe de 3000,00 euros para o outorgamento da concesión de subvención nominativa a Ningures Producción S.L.

Visto que con data 02.01.2014 foi realizada pola Interventora a retención de crédito oportuna, quedando acreditada a consignación de suficiente aplicación orzamentaria.

Visto que de conformidade co previsto na base número 21 "Gastos de subvención" das bases de execución do presuposto municipal en vigor o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas, sendo preciso en todo caso a adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a contía e as condicións en que se concrete a subvención.

Visto que polo departamento de Cultura, presentouse o borrador do convenio no que se detallan as obrigacións e compromisos de Ningures Producción S.L. para formalizar a subvención e xustifícala.

Examinada a documentación que a acompaña, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Outorgar a Ningures Producción S. L. a subvención para o desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS para o exercicio 2014, por importe de 3.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 335.48 do orzamento de gastos do Concello.

SEGUNDO. Aprobar o convenio de colaboración entre a entidade Ningures Producción S. L. e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento da escola municipal das artes escénicas de Cangas, (exercicio 2014), polo que se formaliza a sinalada subvención nominativa, co seguinte texto:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE NINGURES PRODUCCIÓN S. L. E O ILMO. CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS. (Exercicio 2014).

REUNIDOS

Por unha banda, D. José Enrique Sotelo Villar, Alcalde - Presidente do limo. Concello de Cangas.

Por outra banda, D. Salvador del Río Pérez, con D.N.I. 36.071.421 S, administrador de Ningures Producción S. L. con C. I. F.: B 36302784 e domicilio en rúa avenida de Moaña, 25 - 36940 Cangas.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñécendose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPONEN

PRIMEIRO: Que o CONCELLO, dentro das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente, de conformidade co disposto no artigo 25 .2 m) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, atópase a promoción da cultura e equipamentos culturais.

SEGUNDO: Que Ningures Producción S. L. é unha entidade que organiza e xestiona diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade nas artes escénicas.

TERCEIRO: Que Ningures Producción S. L. desenvolve á ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS

CUARTO: Que, si ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo otorgamento ou contía venan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO: Que segundo o artigo 26.1 da Lei de Subvencións de Galicia os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na mesma.

SEXTO: Que ambas as partes manifestan un mutuo interese por:

1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os habitantes do Concello de Cangas.
2. Desenvolver a ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS. Exercicio 2014.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Ningures Producción S. L. coorganizará co limo. Concello de Cangas a ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS para o exercicio 2014.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de 3.000€ á Ningures Producción S. L. para o desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS para o exercicio 2014, de conformidade coa subvención nominativa prevista na base número 21 "Gastos de subvención " das bases de execución do presuposto municipal en vigor.
- Proporcionar as instalacións necesarias dentro do Auditorio municipal de Cangas para o desenrolo das actividades correspondentes a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas no Auditorio Municipal de Cangas

TERCEIRA.- Ningures Producción S. L. comprométese a:

- Desenvolver a actividade correspondente a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas no Auditorio Municipal de Cangas en tres cursos ou niveis, da seguinte forma:

1.- CURSO DE INTERPRETACIÓN (Corpo emoción e voz)

Horario: martes de 19:00 a 21:00horas Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

2. - CURSO DE TEA TRO PARA XOVES (idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos)

Horario: mércores de 19:00 a 21:00horas Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

3. - CURSO DE POSTA EN ESCENA DUNHA MONTAXE TEATRAL

Horario: xoves de 19:00 a 21:00horas Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades
- Mostra do espectáculo na primeira semana de xullo de 2014

- Executar no desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS para o exercicio 2014 o orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente rio relativo á celebración de espectáculos e actividades.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo limo. Concello, nos exemplares de programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do desenvolvemento da escola.

CUARTA.- Ningures Producción S. L. comprométese así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluirán memoria detallada do programa da actividade desenrolada, presuposto de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

QUINTA.- Establécese a obrigación por parte da Ningures Producción S. L. de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que

se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

SEXTA.- No non previsto ueste Convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. En proba da súa conformidade, asinan as partés o presente convenio por duplicado, en Cangas a de febreiro de 2014.

Polo limo. Concello de Cangas Ningures Producción S. L.
ALCALDE - PRESIDENTE Representante legal
José Enrique Sotelo Villar Salvador del Río Pérez "

TERCEIRO. Proceder á autorización e disposición do gasto por un importe de 3000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 335.48, da que existe documento de Retención de Crédito RC de 02.01.2014 expedido por Intervención.

CUARTO. Notificar ao interesado e requirirle para a sinatura do Convenio.

Cangas, 13 de marzo de 2014 O ALCALDE-PRESIDENTE

CONTRATACIÓN

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A OBRA DE "PAVIMENTACIÓNS PARROQUIA DE NERGA"

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto a providencia de Alcaldía de data 10.03.2014 pola que se incoa expediente administrativo para a contratación da obra "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas"

Visto que se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Visto que o orzamento de licitación ascende á cantidade de cantidade de sesenta e un mil novecentos sesenta e cinco euros con trinta e tres céntimos (61.965,336) 21% de IVE incluído.

Debido á urxencia que se precisa na tramitación deste expediente por mor dos prazos de xustificación da subvención concedida para o seu financiamento, non constan emitidos informes de Secretaría e Intervención.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas", xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de sesenta e un mil novecentos sesenta e cinco euros con trinta e tres céntimos (61.965,33€), con cargo á aplicación orzamentaria 431- 619 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, debendo invitar polo menos ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

- Narom S.L.
- Caldevergazo S.L.
- Covsa S.A.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Contratación, Apoio Xurídico e Intervención.

Cangas, 13 de marzo de 2014

O ALCALDE-PRESIDENTE

A N E X O:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS PARROQUIA DE NERGA, HÍO-CANGAS".

CLÁUSULA 1ª.- O BXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a execución das obras de Pavimentacións parroquia de Nerga-Hío-Cangas", que se executará conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez e aprobado por Resolución de Alcaldía en data do 10/03/2014.

O Código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable ao contrato é 45233200-1: traballos diversos de pavimentación.

A execución das obras deberá axustarse ás presentes cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico, e en concreto ao seu prego de prescricións técnicas, planos, cadros de prezos, programa de desenvolvemento dos traballos, estudo de seguridade e saúde, e demais contido deste.

CLÁUSULA 2ª.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

A natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, refírense á necesidade de mellorar as comunicacións dentro do municipio.

CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN E REVISIÓN DE PREZOS

3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 51.211,02 €, de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSO o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

3.2.- Establécese como orzamento de licitación a cantidade de 61.965,33 € (21% de IVE incluído), susceptible de mellora á baixa. As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables.

3.3.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

3.4.- O prezo de contratación desta obra non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

CLÁUSULA 4ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

Esta obra finánciase con fondos propios do Concello de Cangas e unha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar mediante notificación de data do 9 de decembro de 2013, con número de entrada 14071.

O programa de financiamento é o seguinte:

ANUALIDADE	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	CONCELLO DE CANGAS	TOTAL
2014	51.211,02 €	10.754,31 €	61.965,33 €

Consta existencia de crédito na aplicación orzamentaria 453-619 do vixente orzamento municipal.

Así mesmo consta suficiencia do crédito achegado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural imputado á aplicación orzamentaria 12-A1-712 A-7600 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no proxecto aprobado ao efecto.

No non previsto neste prego o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

Ademais deste prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- Prego de prescricións técnicas

- Os planos
- O proxecto no contido que determina o artigo 128 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación
- Os cadros de prezos
- O documento en que se formalice o contrato

En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se deduza que se trata dun evidente error de feito ou aritmético.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dite o órgano de contratación, logo de informe da asesoría xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 7ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación deste contrato será o procedemento negociado sen publicidade en aplicación dos artigos 169, 170, 173, 176, 177 e 178 do TRLCSP, debendo solicitar ofertas polo menos a tres empresas, sempre que elo fose posible, capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

CLÁUSULA 8ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O prazo de execución do contrato é de UN MES E MEDIO. O prazo de execución comezará o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra. Os licitadores poderán ofertar un prazo de execución máis curto que será valorado e puntuado na proposición que presenten.

En todo caso, establécese como data límite para rematar os traballos o día 09.06.2014, non sendo susceptible de prórroga ningunha.

CLÁUSULA 9ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 10ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

10.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Poderase acreditar por algún dos seguintes supostos:

a) Declaracións de institución financeira, asinado por persoa con competencia para emitilo, que acredite que o licitador é solvente economicamente para afrontar este contrato, no que deberá facer referencia expresa ao custo do mesmo ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

10.2.- SOLVENCIA TÉCNICA:

Establécese como requisito mínimo de solvencia técnica a acreditación de experiencia mínima da realización de 2 ou máis subministracións do obxecto similar ao da licitación. Para elo poderase presentar:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e foron levadas normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambientais que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Para acreditar a solvencia esixida para a celebración deste contrato, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre e cando xustifique que para a execución de mesmo, dispón dos referidos medios, debendo nestes casos achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia. Só poderá completarse mediante este mecanismo a solvencia técnica ou profesional. En todo caso só se poderá prestar solvencia a un licitador (artigo 63-TRLCSF).

* Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

CLÁUSULA 11ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

11.1.- PRAZO: O prazo para que os licitadores acheguen ás súas ofertas será o que se indique na invitación que reciban para participar nesta licitación.

11.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:00, xoves de 16:00 a 19:00 e sábados de 10:00 a 13:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante,

transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

11.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre (A ou

B) e a lenda «Oferta para participar na contratación das obras de pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Oferta Económica e Documentación.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: este sobre deberá incluír:

- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf para cubrir na web do Concello de Cangas www.cangas.org.
- Copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros, da persoa que asine a oferta.
- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador. En todo caso, as empresas estranxeiras achegarán

os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao galego ou castelán.

- Será opcional para os licitadores a presentación dunha declaración en relación coa confidencialidade da documentación aportada. No caso de ser achegada, a declaración deberá indicar qué debe considerarse como confidencial pola súa vinculación con segredos técnicos ou comerciais.

SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA

A oferta económica presentarase conforme ao modelo que consta no Anexo III deste prego.

CLÁUSULA 12ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

O Concello de Cangas ten constituída unha mesa permanente de contratación cuxa composición, a efectos do disposto no artigo 21-RD 817/2009, aparece publicada no perfil do contratante do órgano de contratación (www.cangas.org/perfil_contratante_gal.php)

CLÁUSULA 13ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- Interpretación do contrato
- Resolución das dúbidas que ofreza o seu cumprimento
- Modificación do contrato por razóns de interese público
- Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación achegada no Sobre A. O Presidente ordenará a apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesitase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles

para que os licitadores corrixan, subsanen ou aclaren a documentación requirida. Do actuado deixarase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

Concluída a fase anterior, celebrarase en acto público a apertura do Sobre B, no lugar, día e hora que se sinale mediante anuncio no perfil do contratante. Este acto desenvolverase seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio e no non previsto neles, rexerese polo artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

Na valoración das ofertas deberá terse en consideración o disposto no artigo 30 do RD 817/2009, do 8 de maio.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración.

CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

SOBRE B

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

- a Menor prazo de execución Ata 60 puntos
- b Menor prezo ofertado Ata 20 puntos
- c Ampliación do prazo de garantía Ata 20 puntos

a) Menor prazo de execución. Ata 60 puntos.

Corresponderá a máxima puntuación á empresa que oferte un menor prazo de execución, distribuíndose a puntuación ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa. Non se valorarán as ofertas que inclúan un prazo de execución inviable non acorde coa obra a realizar.

b) Menor prezo ofertado. Ata 20 puntos.

Valorarase a baixa do orzamento base de licitación. Corresponderá a máxima puntuación ao menor prezo ofertado, distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma lineal mediante unha regra de tres simple directa.

c) Ampliación do prazo de garantía. Ata 20 puntos.

Valorarase a ampliación do prazo de garantía sobre o establecido neste prego (1 ano). A máxima puntuación atribuirase á oferta con maior prazo de garantía ofertado, e ao resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda mediante regra de tres simple directa.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta analizarase á vista dos informes que sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais. Antes da emisión deste informe solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152-TRLCSP e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos.

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo, atenderase ao disposto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopen nos supostos indicados nese artigo.

Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade. O órgano de contratación, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custe das mellores sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución das mesmas. A efectos desta valoración, poderase considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

En canto ao prazo, solicitaranse as oportunas explicacións ao licitador cando a súa oferta sexa inferior en máis de 1/3 á media dos prazos ofertados polos restantes licitadores, ou no seu defecto, do prazo inicialmente previsto, e sempre e cando esa diminución de prazo non resulte suficientemente xustificada á vista do programa de traballos achegada.

A Mesa de Contratación, de acordo co artigo 22.1.f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado i efectuará proposta de declaración como anormal ou

desproporcionada, correspondendo esta declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, de conformidade co artigo 152.4-TRLCSF.

CLÁUSULA 17ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

17.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSF (modificado pola Lei 14/2003, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

17.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.

- Persoas xurídicas:

- o Copia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

- o Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).

- Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.

- Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSP).

- Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.

17.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificación estatutarias ou elevación de cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

17.1.C) Bastanteo de poderes:

As escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público cunha antigüidade non superior a 6 meses.

17.1.D) Documentación acreditativa da solvencia:

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 10.1 deste prego.

Documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 10.2 deste prego.

17.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

17.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSP, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSP).

En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

17.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSP deberá presentar:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de licitación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.
- Xustificante de ter aboado os gastos do anuncio de licitación.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta,

procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSP.

CLÁUSULA 18ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO

18.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o acordo marco dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

18.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista

poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRLCSP.

CLÁUSULA 19ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación do trazado de planta e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste desen ao contratista o Director facultativo das obras, (e no seu caso, o responsable do contrato), nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.

CLÁUSULA 20ª.- ABONOS AO CONTRATISTA

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas polo órgano competente. Así mesmo o contratista deberá presentar factura axustada á totalidade dos requisitos esixibles de acordo coa normativa vixente en cada momento. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supoñendo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

Conforme o punto cuarto do artigo 216-TRLCSP, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 222.4, e, se se demora, deberá aboarlle ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1 do devandito texto refundido, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou á prestación do servizo, salvo que exista un acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumpre o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o aboamento de xuros non se iniciará ata que transcorran trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuase o correspondente aboamento.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por provisións de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para ese efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA 21ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os casos de subcontratación.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.

— Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 1.500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA 22ª.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Formalizado o contrato, o contratista presentará no Rexistro do Concello o Plan de Seguridade e Saúde no traballo, que deberá ser informado polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra. Posteriormente o Plan será elevado para a súa aprobación ao Órgano de contratación. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes desde a sinatura do contrato.

Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fora posible empezar as obras por non recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

O contratista asumirá a obriga de comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente, de acordo co establecido no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, modificado polo Real Decreto 337/2010, do 19 de marzo.

CLÁUSULA 23ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co artigo 105-TRLCSPP, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 24ª.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata o límite establecido no artigo 227.2.e)-TRLCSPP.

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 227 e 228-TRLCSPP, considerando:

- O prazo de antelación para que o contratista comunique por escrito a intención de subcontratar parte da prestación será, como mínimo, de 5 días hábiles á data en que haxa de iniciarse a execución do subcontrato.
- Deberá achegarse declaración responsable do subcontratista de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico nin incurso nalgún dos supostos do artigo 49-LCSP, con manifestación expresa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- O subcontratista deberá adaptarse na execución do contrato á lexislación que regule as relacións laborais no seno da súa empresa, á normativa aplicable á prestación, e particularmente, aquela en materia de seguridade e saúde no traballo.
- Así mesmo, tanto o adxudicatario como o subcontratista deberán observar as obrigas e deberes precisados na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e na normativa que a desenvolve, (RD 1109/2007, do 24 de agosto), sen prexuízo das especialidades propias da contratación pública (DA 2ª da lei).

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2-TRLCSPP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imponese a penalidade regulada no artigo 227.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 212.8-TRLCSPP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá acadar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA 25ª.- CESIÓN DO CONTRATO

Procederá a cesión do contrato de conformidade co disposto no artigo 226-TRLCSPP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo poderá dar lugar á resolución do contrato.

CLÁUSULA 26ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución as sinaladas nos artigos 213 e 237 da LCSP cos efectos previstos no 214 e 239. Acordarase a resolución do contrato, no caso de que proceda, polo órgano de contratación previo informe xurídico emitido para o efecto e audiencia do contratista, efectuándose a liquidación que proceda, e tramitándose de conformidade co procedemento recollido no artigo 109 RXLCAP.

A demora na execución do contrato que poda supoñer a perda da subvencións ou axudas outorgadas a este fin, será causa de resolución expresa, independentemente das indemnizacións por danos e prexuízos que se puideran derivar.

CLÁUSULA 27ª.-PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

1.- Penalidades por demora na execución.

? En caso de que o contratista incorrese en demora no prazo total ou parcial do contrato por causas imputables ó mesmo, o órgano de contratación sen necesidade de intimación previa, poderá impoñer penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por mora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato o órgano de contratación estará facultada para proceder á resolución do contrato, con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada, ou acordar a continuidade do contrato con imposición de novas penalidades.

? Se a demora fose por causas non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos, o órgano de contratación prorrogaralle o prazo nun tempo igual polo menos ao tempo perdido, salvo que o contratista solicitase outro menor.

2.- Penalidades por execución deficiente do contrato.

As infraccións que cometa o contratista na execución do contrato poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes:

- a. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó contratista, por un prazo que exceda de 72 horas salvo nos supostos de folga non imputables ó contratista ou forza maior.
- b. A execución manifestamente irregular das obras.
- c. A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte das obras contratadas, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

- d. O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación de seguridade e saúde laboral.
- e. A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas dos contratista.
- f. A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.
- g. A acumulación de dúas faltas graves dentro dun período de doce meses, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese a segunda.

Terán a consideración de FALTAS GRAVES as seguintes:

- a. O atraso na execución das obras de forma non reiterada nin sistemática.
- b. A interrupción das obras por calquera causa que sexa por un prazo non superior ás setenta e dúas horas, agás no caso de folga legal ou forza maior.
- c. A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
- d. A desobediencia por dúas ou máis veces, das ordes dadas por escrito ó adxudicatario pola Administración municipal.
- e. A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de xeito habitual e sen que medien causas excepcionais autorizadas polo Concello.
- f. A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.

Terán a consideración de faltas LEVES:

- a. A imperfección non reiterada na execución das obras.
- b. O atraso ocasional e polo menos dun día na execución das obras.
- c. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.
- d. Falta de respecto ao público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.

.- As faltas moi graves sancionaranse con multa comprendida entre o 6,01 % e o 10% do orzamento do contrato ou rescindir o contrato, previa a tramitación do correspondente expediente administrativo, con audiencia ó contratista.

.- As faltas graves sancionaranse con multa comprendida entre o 3,01% e o 6,00% do orzamento do contrato.

.- as infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou imposición de multa de ata o 3,00% do orzamento do contrato.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbese lugar, como consecuencia dos feitos constitutivos da infracción.

As sancións imporanse previa incoación do correspondente expediente, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes.

A resolución do expediente para a imposición da penalidade administrativa corresponderá ao órgano de contratación. O importe das mesmas farase efectivo mediante dedución das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo en todo caso a garantía definitiva da súa efectividade.

3.- Outras penalidades.

Poderán impoñerse penalidades de ata o 50% do importe do subcontrato para as infraccións ou incumprimentos sinalados no artigo 227.3 LCSP.

CLÁUSULA 28ª.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello, o seu obxecto e unha vez recibidas as obras, de conformidade co disposto no artigo 222-TRLCSF.

Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción.

CLÁUSULA 29ª.- RECEPCIÓN DA OBRA, PRAZO DE GARANTÍA, LIQUIDACIÓN DO CONTRATO E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

29.1.- RECEPCIÓN DA OBRA:

Á recepción das obras concorrerá o responsable do contrato, se foi nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista, asistido do seu facultativo se o estima oportuno.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daras por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

29.2.- PRAZO DE GARANTÍA: Establécese un prazo de garantía de UN ANO a contar desde a data de recepción das obras.

29.3.- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA: Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA 30ª.- CARTEIS E SINAIS

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar a súa costa un cartel anunciador relacionado coa obra, coas características e formato que se sinalan no anexo V deste prego.

CLÁUSULA 31ª.- XURISDICIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpo-lo recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO II

1.- OBXECTO DO CONTRATO:

? OBRA: Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas.

? PROXECTO: redactado polo arquitecto municipal don Alfonso Lage Pérez e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data .

2.- TIPO DE LICITACIÓN: CEN MIL CINCOCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (100.583,48 €)

? Orzamento sen IVE: 83.126,84 €,
? IVE: 17.456,64
? Anualidades en que se distribúe: 2013
? Revisión de prezos: non procede
? Partida orzamentaria: 431-619
? Financiamento : 75 % Consellería de Economía e Industria e 25 %
Concello de Cangas
ANUALIDADE CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA CONCELLO
DE CANGAS TOTAL
2013 75.437,61 € 25.145,87 € 100.583,48 €

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: 1 MES E MEDIO (en todo caso as obras non poderán rematar máis tarde do 22.11.2013).

4.- PRAZO DE GARANTÍA: 1 ano, a contar desde a data de recepción da obra.

5.- PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN: NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

6.- TRAMITACIÓN: URXENTE

7.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

? Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

SOBRE B

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a Menor prazo de execución Ata 60 puntos

b Menor prezo ofertado Ata 20 puntos

c Ampliación do prazo de garantía Ata 20 puntos

ANEXO III

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/

_____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, recibindo invitación para a presentación de oferta e decatado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade do contrato de obras de "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas", fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato segundo as seguintes condicións:

a) PRAZO DE EXECUCIÓN:

b) IMPORTE: _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

c) AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA en _____ meses.

En _____, a ____ de _____ de 2014

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.».

ANEXO IV

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)
(sinatura dos apoderados)

ANEXO VI

MODELO DE CARTEL ANUNCIADOR DA OBRAS

DILIXENCIA.- Exténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego, que consta de 28 páx. esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co de Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 17/03/2014

Cangas, 17 de marzo de 2014

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Berta Alonso Soto

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Visto que o Concello ten a necesidade de realizar obras consistentes na pavimentación de diferentes camiños dentro da parroquia de Hío, aos efectos de mellorar as comunicacións dentro do municipio; cuxo proxecto se encargou por esta Alcaldía ao arquitecto municipal.

Visto o Proxecto de Obras de "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas" redactado polo arquitecto municipal, cun orzamento que ascende a sesenta e un mil novecentos sesenta e cinco euros con trinta e tres céntimos (61.965,33€) 21% de IVE incluído.

O importe do contrato ascendería á cantidade de 61.965,33 euros.

Visto que en data 9 de decembro, con número de entrada 14071, recibíuse notificación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar de resolución de concesión de subvención para a execución do programa de mellora de camiños municipais, rematando o prazo para presentar a correspondente xustificación dos gastos o 30 de xuño de 2014.

Dada a característica da obra e o importe da mesma, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 109 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o Proxecto de Obras para de "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas" redactado polo arquitecto municipal, cun orzamento que ascende a 61.965,33 euros 21% de IVE incluído

SEGUNDO. Que se leve a cabo o trazado de planta do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

TERCEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de "Pavimentacións parroquia de Nerga, Hío-Cangas" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urgente.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o Contrato e o proceso de adxudicación.

QUINTO. Que pola Interventora municipal sexa feita a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Cangas, 10 de marzo de 2014 O ALCALDE-PRESIDENTE

José Enrique Sotelo Villar

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A ADHESIÓN Á REDE DE EUSUMO PARA O FOMENTO DE COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL

Examinado o escrito de data 4.2.14 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao que achegan convenio debidamente asinado entre a referida consellería e o Concello de Cangas, para a adhesión á Rede Eusumo, para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para a adhesión á Rede Eusumo, para o fomento do cooperativismo e a economía social.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Servizos Sociais e Intervención.

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES PARA BOLSEIROS/AS DE TURISMO

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ, S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS.

O Concello de Cangas foi declarado de interese turístico galego por Resolución de 1 de xuño de 2001. Sendo intención desta Concellería manter a calidade no servizo que se presta a todos os visitantes que ano tras ano nos fixeron merecedores de tal declaración cómpre manter abertas ao público as oficinas de Turismo coas que conta o Concello nos periodos do ano en que máis afluencia de turistas se dá

Este obxectivo se trata de cubrir ano tras ano polo Concello dando a oportunidade de completar con formación práctica a formación teórica previa adquirida por parte daquelas persoas que veñen de rematar os seus estudos en materia turística mellorando as súas posibilidades de inserción laboral futura.

En consideración ao anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas a titulados, graduados ou diplomados en turismo por unha duración total de cinco meses para a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas.
2. Aprobar as bases de selección dos/das beneficiarios/as das dúas bolsas ou becas convocadas que como anexo se acompañan.
3. Que se sigan todos os trámites ata que se proceda o seu otorgamento.

Cangas, 13 de marzo de 2014

A Concelleira
Asdo Berta Pérez Hernández

ANEXO:

BASES QUE REXERÁN NA OFERTA DE DÚAS BOLSAS OU BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS DURANTE O 2014

PRIMEIRA- Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas a titulados, graduados ou diplomados en turismo por unha duración total de cinco meses para a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas tempo que se distribuirá en tres períodos coincidentes cos de maior actividade turística no Concello co fin de que os bolseiros conten cun aproveitamento axeitado de cara a súa formación.

A bolsa ascenderá a un total de 690 euros brutos mensuais e a súa duración será de 5 meses repartidos nos seguintes períodos de tempo: Do 11 ó 20 de abril de 2014; do 30 de abril ó 16 de setembro de 2014; do 6 ó 8 de decembro de 2014. Estando supeditado o primeiro período á data de remate do proceso de selección de tal xeito que de rematar este con posterioridade a duración deste acrecentará a de algún dos posteriores no xeito que se indique con antelación ós bolseiros seleccionados.

Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sin resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os becarios/as que si o fosen, adxudicándose a axuda ó seguinte aspirante en puntuación.

SEGUNDA- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou ser membro dun país da Unión Europea.
- Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo ou Técnico Superior de Información e Comercialización Turística.
- Non estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das Administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais das prazas que se convocan.
- Non ter cumpridos os 33 anos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dun becario/a que este incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente.

TERCEIRA- Solicitudes, prazo de presentación e documentación a achegar con elas

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que se achega dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no Taboleiro de Anuncios, en horario de atención ó público de 9:30h a 13:30h.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/ as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.
- Declaración xurada na que se faga constar non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- Para a valoración da fase concurso os/as aspirantes deberán entrega-los documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias cotexadas). O tribunal terá en conta a coherencia da documentación aportada cós méritos a valorar, considerándose preferentemente para estes efectos as certificacións administrativas ou títulos oficiais. Os méritos non xustificados documentalmente ou insuficientemente xustificados, non serán obxecto de valoración.

Toda-la documentación aportada deberá presentarse debidamente cotexada.

CUARTA- Admisión dos/as aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con

especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán de 3 días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións dítarase nova resolución estimándooas ou desestimándooas, o que se fará publico, igualmente, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

QUINTA–Tribunal calificador

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas

SEXTA- Sistema de selección.

O proceso selectivo constará de dúas fases, a de concurso e a de oposición.

? FASE DE CONCURSO:

I. Méritos académicos. Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Públicas relacionadas coas materias obxeto desta convocatoria. Ata un máximo de 1,25 puntos.

a) Master ou postgrado (relacionado con sector turístico) – 0,50 punto

b) DURACIÓN

PUNTOS

10 ou máis créditos -100 ou máis horas	0,25 puntos
De 6 a 9 créditos - De 60 a 99 horas	0,20 puntos
De 3 a 5 créditos - De 30 a 59 horas	0,15 puntos
De 1 a 2 créditos - De 10 a 29 horas	0,10 puntos
9 ou menos horas	0,05 puntos

No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

II. Idiomas – Ata un máximo de 2,50 puntos, a razón de un máximo de 1,25 puntos cada idioma.

a) No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos sinalado anteriormente.

b) No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será: Nivel básico: 0,75 puntos - Nivel medio: 1 punto -Nivel avanzado: 1,25 puntos

III. Galego. Ata un máximo de 0,25 puntos (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación)

- Validación do Certificado de Lingua Galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación: 0,125 puntos.

- Certificado en Lingua Galega- nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento: 0,25 puntos.

? FASE DE OPOSICIÓN: Obrigatorio e eliminatorio. Puntuación máxima 6 puntos

Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.

TEMARIO

1. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.

2. Principais festas e eventos do municipio.
3. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais
4. As praias de Cangas.
5. Os aloxamentos turísticos do municipio.
6. Plans de calidade turística no Concello de Cangas

Tódolos candidatos que concorran á realización das probas, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA- Cualificación final

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre e cando o aspirante superase a proba práctica.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persisti-lo empate, dirimirase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación no primeiro apartado da fase de concurso, e de ser necesario, o empate resolveríase finalmente mediante unha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre os/as aspirantes empatados.

O Tribunal Seleccionador, fará pública, no Taboleiro de Anuncios do Concello a puntuación obtida polos/as aspirantes.

O Tribunal Cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o Tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución asignando as bolsas aos candidatos/as que acaden a maior puntuación.

O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os becarios/as que sí o fosen, adxudicándose a axuda ó seguinte aspirante en puntuación.

OITAVA – Condicións xerais

Ademais do resto de condicións establecidas nas presentes bases establécense en particular as seguintes:

- Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense a observar o horario de traballo e a disciplina que lles sinale a Concellería de Turismo cun límite de vintetrés horas semanais.
- O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral ou contractual co Concello de Cangas ou calquera outra administración pública.
- O pagamento do importe da bolsa estará suxeita as retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007 do 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- A efectos do seguimento e valoración do aproveitamento formativo das prácticas dos beneficiarios será designado polo Concello un titor/a. Con este fin o titor fixará cando menos unha reunión cos bolseiros por cada un dos períodos nos que se distribúen as prácticas, nestas reunións se sinalarán as pautas a seguir nas prácticas ademais de facer o seguimento das experiencias formativas adquiridas e tratar de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación á experiencia práctica dos coñecementos teóricos adquiridos.
- Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, o beneficiario estará obrigado a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. Estas memorias serán presentados á persoa responsable da titoría que emitirá un informe final sobre as prácticas realizadas.

NOVENA - Publicidade das bases e da convocatoria das mesmas

As presentes bases estarán expostas ó público no TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO e na paxina web do concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

O Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- Caracter das bases e incidencias.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ó Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA.- Disposición final.

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

MODELO DE INSTANCIA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

D. /D^a con
DNI , veciño/a de , provincia
de , con domicilio na
rúa , andar nº , letra , e
número de teléfono

EXPOÑO:

Que quero participar no proceso selectivo de dúas bolsas ou becas para a realización de prácticas nas oficinas de turismo de Cangas durante o ano 2014.

Que coñezo e cumpro cos requisitos esixidos na base segunda de dita convocatoria.

SOLICITO:

Que se teña en conta a presente solicitude, para tomar parte na proba selectiva.

Cangas,..... dede 2014

Sinatura

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE

- o Fotocopia cotexada do DNI
- o Fotocopia cotexada da titulación esixida
- o Documentación cotexada acreditativa dos méritos

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENOVACIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE LICENZAS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2014

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos a fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014.

III.- As persoas que a seguir se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Rematado o prazo outorgado as persoas que a seguir se relacionan non emendaron satisfactoriamente os defectos detectados polo que cómpre telos por desistidos da súa petición e adoptar o presente acordo que declara a revogación das autorizacións das que eran titulares.

V.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do Regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistido da solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014 e declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante a:

Ref: 77 Ilimane Ndoye Mbaye

- 153 Samuel Giménez Jiménez
- 154 Débora Jiménez Giménez
- 158 Isabel Escudero Mendoza

Segundo.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que trala notificación do presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no Mercado por carecer de autorización resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas a tal efecto na normativa, todo elo sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Cangas, 13 de marzo de 2014

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

Asdo.: Berta Pérez Hernández

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos a fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.

III.- As persoas que a seguir se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos da súa

petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Rematado o prazo outorgado estas emendaron satisfactoriamente os defectos detectados polo que cómpre adoptar o presente acordo que declara a renovación para o ano 2014 das autorizacións das que eran titulares.

V.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do Regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:

Ref: 92 M^a Carmen Bastón Pérez
95 Jéssica Jiménez Duval
114 Patricia María Veiga Alonso
134 Jorge Borja Rosillo
135 M^a Araceli González Paredes
141 Cipriano Jiménez Romero
151 María Amelia Camacho Monteiro Maia
152 Sinai Giménez Jiménez
157 M^a Luisa Iglesias Barreiro

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Cangas, 13 de marzo de 2014

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

Asdo.: Berta Pérez Hernández

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha

vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos a fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.

III.- Os titulares de licenzas que a seguir se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Ao o remate do prazo outorgado as persoas que a seguir se relacionan acreditan cumprir con tódolos requisitos esixidos excepto a presentación do certificado de inexistencia de débedas coa Facenda Pública, se ben acreditan ter solicitado a emisión desta certificación sen que por causas alleas a súa vontade este estea no seu poder polo que por medio do presente acordo declarase a renovación para o ano 2014 das autorizacións das que eran titulares condicionada á presentación do citado certificado.

V.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do Regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) condicionada á presentación da certificación de inexistencia de débedas coa Facenda Pública que acreditan ter solicitado no prazo máximo de un mes a partir da notificación do presente acordo a:

Ref: 68 Juan León Salazar
145 Angelica Jiménez Jiménez

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Cangas, 13 de marzo de 2014

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

Asdo.: Berta Pérez Hernández

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/TRANSMISIÓN DEFINITIVA DO POSTO Nº 16 DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

V-14/008

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 16 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/02/2014 foi autorizada a transmisión do posto de peixe nº 16 da Praza de Abastos solicitada por escrito de rexistro de entrada nº 1801 de 17/02/2014 por Dª. María del Carmen González Dios DNI 35387764X e Dª. María del Carmen López González con DNI 35439122D con enderezo a efectos de notificacións en Travesía Tobal nº 22 baixo.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas, estas dentro do período previsto regulamentariamente a tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito de data 05/03/2014 con rexistro de entrada nº 2675 do 10/03/2014

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO: O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

“ (...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses dende a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a tódolos efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o

comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquiri-lo posto.”

SEGUNDO: De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario dende a data de inicio da concesión e non dende a transmisión.

TERCEIRO: A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do Regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 16 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular D^a. María del Carmen González Dios DNI 35387764X a favor de D^a. María del Carmen López González con DNI 35439122D.

SEGUNDO: Declarar que D^a. María del Carmen López González con DNI 35439122D ten adquirido a concesión do posto de peixe nº 16 da Praza de Abastos sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería.

Cangas, 13 de marzo de 2014

A CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

Asdo. Berta Pérez Hernández

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

11.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
FONTECORNELLO, S.L. B-36.863.488	Rúa Gran Vía, nº 19-3º- esquerda-36.203-Vigo	R/Alexandre Crieiro, nº 3- Cangas

11.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

****pte. de ver en Tesourería****

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
RAMONA COYA SOTELO DNI nº 35.278.647-M	R/David Cal, nº 25-Vilariño-O Hío.	R/David Cal, nº 25-Vilariño-O Hío. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº ..., concedido en X.G.L. de data... a... con DNI-NIF.... Con- diciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

11.B) SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE PLACA IDENTIFICATIVA DA RÚA BARBATE.

Vista a solicitude presentada o día 5.3.14 por ISABEL OCAÑA IGLESIAS, con enderezo en Rúa Barbate, nº 4-Cangas, na que reclama a instalación de placa identificativa da referida rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11 e de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Ocaña Iglesias para sinalización da Rúa Barbate.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

11.C) SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE PLACA IDENTIFICATIVA NO CRUCE DO CAMIÑO CENTRO DE ESPÍNEIRA CO CAMIÑO DA PRAIA DE AREACOVA EN ALDÁN.

Vista a solicitude presentada o día 5.3.14 por ESPERANZA SANTOMÉ HERBELLO, con enderezo en Estrada a Areacova, nº 4-Aldán, na que reclama a instalación de placa identificativa no cruce do Camiño Centro de Espiñeira co Camiño da Praia de Areacova en Aldán, así como, o bacheado da zona referida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11 e de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Santomé Herbello para sinalización no cruce do Camiño Centro de Espiñeira co Camiño da Praia de Areacova en Aldán, así como, o bacheado da zona referida.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

11.D) SOLICITUDE DE DANIEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ S/CAMBIO DE TITULARIDADE DE "AUTOESCOLA "BUSACO, C.B.", DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE CONDUCCIÓN EN VIAIS DO CONCELLO DE CANGAS.

Examinado o escrito de data 7.3.14, presentado por Daniel González Vázquez, representante da Autoescuela "BUSACO, C.B.", con N.I.F. nº E-36.464.345, con enderezo en Camiño de Arneles, nº 32-A-O Hío, no que solicita o cambio da titularidade da autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos por viais do Concello de Cangas, que foi concedido por Xunta de Goberno Local do día 3 de febreiro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder a DANIEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ, con N.I.F. nº E-36.464.345, o cambio de titularidade da autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos polos viais do Concello de Cangas, concedido por esta mesma Xunta de Goberno en sesión do día 3.2.14 a Autoescuela "BUSACO, C.B.".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e ao departamento de Policía Local.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR S/APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE 5 PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE 4 MESES

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR PARA A APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE CATRO MESES.

O aumento de poboación no Concello de Cangas derivado da actividade turística nos meses de Verán motiva un aumento notorio en materia de tráfico e seguridade que implican a necesidade de acometer a contratación de auxiliares de policía local como xustifica a Concelleira de Tráfico e Seguridade na súa solicitude de data 04/03/2014 pola que se solicita da Concellería de Persoal que inicie os trámites do proceso de de 5 auxiliares de policía de cara a tempada de verán. A solicitude citada ven acompañada de informes que xustifican a concorrencia das circunstancias que motivan a necesidade de acometer esas contratacións. A concelleira de Tráfico e seguridade igualmente apunta a necesidade de que o proceso que indica se inicie canto antes a fin de posibilitar que os aspirantes seleccionados poidan concorrer, caso de ser preciso, ao curso da Academia Galega de Seguridade.

A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local. Seguridade que se vería comprometida polo sensible aumento de poboación que se dá neste Concello durante os meses de verán. Trátase dun suposto excepcional dado que Cangas conta cun plantel de efectivos na policía local moi inferior ao disposto no cadro de persoal.

Existe dotación orzamentaria e foi practicada a correspondente retención de crédito de data 10/03/2013 que consta no expediente.

En cumprimento do disposto no artigo 95.2 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, deuse conta á Consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia do inicio do expediente para a selección obxecto da presente proposta, que se acompañou do borrador das bases que foron informadas en conformidade.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aproba-las bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 16/06/2011, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Aproba las bases de selección para a contratación de cinco auxiliares de policía local con previsión de listado para a cobertura doutras contratacións que fosen precisas durante o presente ano 2014, bases que se transcriben a continuación da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

Cangas, 10 de marzo de 2014
A Concelleiro de Persoal e Réxime Interior

Asdo. Lucía Lede Fernández

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA PARA O CONCELLO DE CANGAS PARA 2014

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de cinco auxiliares da policía local, en réxime de contrato laboral temporal por acumulación de tarefas en base ás necesidades que se xustifican no presente expediente e de acordo coas condicións establecidas no artigo 3 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. A duración dos contratos será de catro meses dende a data da sinatura do contrato, cunha remuneración total bruta de 1.193,96 euros ao mes, coa parte proporcional das pagas extras incluída.

Do mesmo xeito cos aspirantes que tendo superado as probas polas puntuacións obtidas non resultasen contratados confeccionarase un listado para as sucesivas contratacións de auxiliares de policía local que se puideran realizar durante o presente exercicio.

2. SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo escollido é o de oposición libre.

3. REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES. Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no art. 57 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo poderán participar, en igualdade de condicións que os españois os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumprido dezaioito anos e non exceder da idade de cincuenta e oito anos.

c) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Estar en posesión da titulación esixible para os funcionarios do grupo C2.

f) Posuír unha estatura de mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.

g) Os aspirantes deberán en todo caso estar en posesión do documento acreditativo de ter superado previamente o curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública requirido no artigo 95.6 da Lei 4/2007 en vigor ou presentar o compromiso da súa realización.

i) Ter ingresado na Tesourería do Concello de Cangas a cantidade fixada como dereitos de exame.

Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presenta-las solicitudes.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As presentes bases expoñeranse ao público no taboleiro da anuncios do concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro do Concello e nun diario dos de maior tirada de Galicia, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias, de conformidade coas bases modificadas. Contra a

resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ó procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo concello durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario e taboleiro do Concello. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

A solicitude, que se realizará, no modelo facilitado polo concello, deberá achegarse coa seguinte documentación:

Fotocopia compulsada do DNI non caducado.

Documento acreditativo da titulación requirida na convocatoria.

Xustificante de pago dos dereitos de exame, que ascende a cantidade de 8,52 €. Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

Fotocopia compulsada do título de auxiliar de Policía ou no seu caso declaración de compromiso da súa realización.

Certificado médico nos termos sinalados.

Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, ditárase resolución pola Alcaldía, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello, e sinalarase un prazo de tres días hábiles para a subsanación. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte ó do remate do prazo de emenda.

A resolución na que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos incluirá ademais a data e lugar de realización do primeiro exercicio, sendo os sucesivos sinalados polo tribunal observando as disposicións ao respecto contidas na normativa de aplicación, en particular no decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007. Igualmente incluirá a composición do tribunal a efectos de posibilita-la recusación dos seus membros, o que se realizará no mesmo prazo de subsanación.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os/as membros do tribunal serán designados/as pola Alcaldía de acordo con normativa de aplicación, en especial no disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. O tribunal que vulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os/as vocais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

6. OPOSICIÓN. PRBAS SELECTIVAS

Consistirá na realización dos seguintes exercicios de acordo co disposto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro e no anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na materia, as probas a realizar na fase de oposición (apartado A) e o temario sobre o que versarán (apartado B) son as que se describen a continuación:

A) PRBAS SELECTIVAS

A.1.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

Comprobación da estatura

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/ non apto. Para obter a cualificación de apto/non apto. Para acadar a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os talóns do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$

Sendo N=Nota final da proba; A= Preguntas acertadas; F= Preguntas falladas ou non respostadas.

3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local consistente en responder a dez preguntas curtas ao respecto nun tempo máximo de quince minutos. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto/non apto. Este exercicio consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. (Terá que ser presentado acompañando a solicitude de participación no proceso selectivo)

B.TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores, cómplices e encubridores.

8. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de Seguridade Vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: Lugar na vía, Velocidade, Prioridade de paso, Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

7. CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase un listado dos/as mesmos/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. O tribunal formulará unha proposta á Alcaldía na que se incluírán os aspirantes aprobados para os que se propón a súa contratación. Non se poderán propoñer para a súa contratación máis aspirantes que as prazas ofertadas.

Esta listado será exposta no Taboleiro Municipal. Os/As aspirantes propostos/as para ser contratados achegarán ante a administración dentro do prazo de dez días naturais dende que se publique no taboleiro municipal, os documentos acreditativos da capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria que non fosen acreditados con anterioridade.

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. No caso de non obter a certificación citada procederáse a ter por non superado o proceso selectivo quedando definitivamente excluído. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO.

A resolución ordenando a contratación será adoptada pola Alcaldía a favor dos/as aspirantes propostos/as polo tribunal unha vez que, de ser o caso teñan obtido a certificación da Academia referida na base anterior. De non achegarse a certificación de asistencia ao curso da Academia Galega de Seguridade os aspirantes quedarán excluídos e formularase proposta de

contratación en favor do seguinte candidato por orde de puntuación o que sucederá tamén para o caso de que os aspirantes propostos non asinen o contrato.

No momento da súa contratación non poderá concorrer nos aspirantes circunstancia ningunha que impida esta por contravir a normativa en xeral e a laboral en particular, de ser así pasarase ao seguinte aspirante do listado confeccionado.

9.- LISTADO DE CONTRATACIÓNS.

Obterán as prazas ofertadas aqueles que obteñan unha mellor cualificación, segundo o que ditamine o tribunal cualificador. O resto dos aspirantes que tivese superado as probas pero que por puntuacións non fosen contratados integrará un listado ordenado segundo esas puntuacións, co que o Concello de Cangas poderá cubrir as novas contratacións de auxiliares que fosen precisas polo Concello de Cangas durante o exercicio de 2014. As contratacións que se efectúen en base ao listado confeccionado deberán facerse mediante a adopción, previa proposta da área fundamentando a necesidade de acudir a ela, dunha resolución de Alcaldía que contará cos informes preceptivos previos.

10.- CARACTER DAS BASES E INCIDENCIAS.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

11.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA, ANO 2014.

Apelidos, Nome:

Teléfono:

NIF/NIE:

Enderezo:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de auxiliares da policía local para o ano 2014 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Asumindo o compromiso de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade referido na base 3 caso de non presentar Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor.

Cangas, a de de 2014

Asdo. :

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I.
3. Fotocopia da titulación esixida.
4. Certificado médico en cumprimento do apartado 3.C. das bases.
5. Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor ou compromiso de realización deste.
6. Xustificante acreditativo do pago das taxas.
7. Documento acreditativo exención exame galego (no seu caso).

Data superación do curso teórico/práctico (artículo 95.6, Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais) na Academia Galega de Seguridade Pública, caso de posuílo con anterioridade: /...../.....

Á ALCALDÍA DO ILTMO CONCELLO DE CANGAS.”

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

13º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

13.A) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 42/2014 DE 10.03.2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 280/2013.(X-13/29)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

Reclamante: David Alfonso Escudero Alegre

Sentenza: desestima o recurso interposto contra a Consellería do Medio Rural e do Mar no que o concello foi emprazado como parte interesada.

Recursos: a sentenza é firme.

13.B) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 60/2014 DITADA EN DATA 12.03.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 125/2013. (X-13/08)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

Reclamante: Aurora Artero Ruíz

Sentenza: desestima o recurso interposto contra Portos de Galicia e o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos en embarcación.

Recursos: a sentenza é firme.

13.C) DAR CONTA DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 245/2010. (X-13/08)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da dlixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, dimanante do procedemento abreviado nº 245/2010.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/CESIÓN DO CONTRATO DE OBRA DE "REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE CANGAS"

Examinada a proposta da Alcaldía do día 17.3.14, referente a cesión do contrato de obra de "Redacción do proxecto e execución da obra Piscina Cuberta Municipal de Cangas", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o día 14 de marzo de 2014, foi presentada por Javier Carrera Álvarez, en calidade de xerente da 'UTE PISCINA CUBERTA DE CANGAS', adxudicataria do contrato de obra de 'Redacción do proxecto e execución da obra piscina cuberta municipal de Cangas', solicitude de cesión da participación de 'HIDROSCIVIL, S.L.', no mencionado contrato a favor da empresa 'CIVISGLOBAL, S.L.'; tendo a entidade 'HIDROSCIVIL, S.L.', unha participación do 30% na 'UTE PISCINA CUBERTA DE CANGAS'.

Visto que a solicitude vai achegada da escritura pública de cesión de dereitos e nomeamento de cargos outorgada polo notario, Jaime Romero Costas, en data 19 de decembro de 2013, baixo o núm. de protocolo 1.400, cuxa cláusula cuarta establece como condición suspensiva solicitar ao Concello de Cangas a autorización da cesión do contrato pactada na escritura.

Visto o cumprimento dos requisitos esixidos para a cesión do contrato no artigo 226 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro ,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a cesión do contrato de obra de 'Redacción do proxecto e execución da obra piscina cuberta municipal de Cangas' solicitada, formalizada por cedente e o cesionario en escritura pública o día 19 de decembro de 2013. O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

SEGUNDO.- Notificar ao cesionario o presente acordo e requirirlle para que dentro do quince días hábiles seguintes ao do día en que reciba a presente notificación o documento que acredite constituír a garantía definitiva.

TERCEIRO.- Notificar ao cedente o presente acordo e proceder á devolución da garantía prestada desde o momento da constitución desta por parte do cesionario, segundo o disposto no artigo 102.4 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a cesión do contrato de obra de "Redacción do proxecto e execución da obra Piscina Cuberta Municipal de Cangas".

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DO PRESIDENTE DO "ALONDRAS C.F." PARA PINTADO DE AMARELO NA ENTRADA DO CAMPO DO MORRAZO, NO CRUZAMENTO AVDA. LUGO-TRAVESÍA CAMPO DE FÚTBOL.

Nº. Rex. 493/14

ASUNTO: PINTADO AMARELO NA ENTRADA DO CAMPO DO MORRAZO, NO CRUZAMENTO AVDA. LUGO-TRAVESÍA CAMPO DE FÚTBOL. Os Policías Locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:

Que a instancia de Dº. LUIS GUIMERÁNS CURRA, presidente do Alondras Club de Fútbol, na que solicita se sinalice e prohíba o estacionamento na entrada do cruzamento que da acceso ao estadio de fútbol Morrazo, debido ás dificultades que veñen sufrindo os autobuses que acceden ás instalacións do referido club, ao atoparse con certa frecuencia vehículos estacionados no cruzamento da Avda. Lugo coa Travesía do Campo de Fútbol, que dificultan unhas veces, e impiden outras, o acceso ao recinto a este tipo de vehículos, todos os fins de semana.

Que unha vez no lugar, compraban como efectivamente na marxe esquerda da entrada deica o campo de fútbol, (a carón da pedra que contén o escudo do Alondras C.F), existe unha zoa sen pintar e que a están a utilizar con certa asiduidade os
e

Que por todo elo, consideran que sería aconsellable, tal e como indica na súa solicitude o presidente do club de fútbol Alondras, que se pinte un rallado amarelo ou cruzado amarelo que prohíba o estacionamento.

Que aproveitando tal circunstancia, sería aconsellable que se repasara todo o pintado en amarelo que hai no lugar, entre a entrada do cruzamento e a fachada principal do estadio do Morrazo.

Cangas, 17 de marzo de 2014.

XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DE CANGAS

C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/APROBACIÓN DA CREACIÓN DE UN "POSTO SOLIDARIO" NO MERCADIÑO MUNICIPAL.

PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dº DOLORES GALLEGO SANTOS, CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER

EXPON:

Tendo en conta a situación das distintas entidades de carácter benéfico e social que desenvolven a súa actividade na nosa vila, e atendendo a súa solicitude para poner periódicamente un mercadiño solidario ñas rúas de Cangas,

PROPON:

A esta Xunta de Goberno Local, a aprobación da creación dun "Posto Solidario" que estará disponible tódolos martes dentro do ámbito do mercadillo municipal. Este posto poderá ser utilizado por calquera das asociacións benéficas e sociais de Cangas, previa solicitude, co fin de poder ofrecer a cidadanía:

- información a través de campañas e a celebración de distintas Xornadas.
- venta de produtos de artesanía, ou outros, co fin de financiar as actividades propias de cada Asociación.

Cangas 17 marzo de 2014

D) INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

D.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal e por Secretaría, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal e Secretaría, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L., EN CONCURSO DE ACREEDORES R/Michelena, nº 23-1º dta-36.001- Pontevedra	AVAL	22.000,00 €	OBRA DE URBANIZACIÓN DA AVDA. DE MARÍN
PROMOTORA MADAJUNCAL, S.L. Avda. de Bueu, nº 17-entrechán-Cangas	AVAL	8.715,25 €	EXPEDIENTE Nº 21.154
PROMOTORA MADAJUNCAL, S.L. Avda. de Bueu, nº 17-entrechán-Cangas	AVAL	6.078,90 €	EXPEDIENTE Nº 21.153
FRANCISCO ANDRÉS RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ R/Hispanidad, nº 70-6ºC-Vigo-Pontevedra	FIANZA	355,84 €	EXPEDIENTE Nº 21.982
INTURASA, PÉREZ RUMBAO, S.A. Polígono Industrial A Granxa-Parcelas 62-63-36.400-Porriño- Pontevedra	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA	1.795,00 €	SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO FURGÓN PARA SERVICIOS XERAIS

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente